

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-10

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a reciclaxe solidaria. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

RECICLAXE SOLIDARIA

Reciclaxe e solidariedade, da man

Reducir, reutilizar e reciclar. Trátase dos celebérrimos "tres erres" do ecoloxismo que como cidadáns e consumidores deberíamos levar máis á práctica. Aínda que cada vez son máis as persoas que reciclan o papel, o vidro ou o plástico xerado nos seus fogares, os tres erres non acaban aquí. Hai outros produtos de uso cotián, como medicinas, aparellos electrónicos ou lentes que tamén poden ser obxecto destas prácticas, amais de serviren para realizar unha obra solidaria.

Lentes para todos

Un exemplo de dobre acción ambiental e solidaria son as campañas que diversas organizacións e ópticas están levando a cabo dende hai anos para a reutilización de lentes. Por increíble que pareza, moitas persoas de países subdesenvolvidos aínda non se poden permitir nin sequera un exame ocular. Neste sentido, a Organización Mundial da Saúde (OMS) estima que a calidade da vista dunha cuarta parte da poboación do planeta podería mellorar grazas ao uso de lentes.

Por iso, é importante saber que unhas lentes vellas ou que fosen substituídas por un novo modelo poden ser vitais para outras persoas: só hai que envialas ás sedes das organizacións que se dedican a este labor humanitario ou depositalas na óptica máis próxima que participe nestas campañas. Son moitos os establecementos que se encargan de recoller e distribuír as lentes para que se poidan utilizar en diversos países subdesenvolvidos.

Aparellos electrónicos

Os aparellos electrónicos como, por exemplo, os teléfonos móbiles e os ordenadores son moi perigosos para o medio natural, pois, a pesar do seu pequeno tamaño, poden ser sumamente contaminantes.

Os fabricantes de teléfonos móbiles e de material informático levan anos traballando en sistemas de recollida e reciclaxe cada vez máis eficaces e menos custosos. Así, por exemplo, a Unión Europea subvenciona o proxecto Tragamóbil, ao que se sumaron outros dous, Ecopilas e Ecofimática, para a reciclaxe de pilas e diversos aparellos electrónicos. Así e todo, malia estes voluntariosos proxectos, a distancia entre a venda de móbiles e a súa reciclaxe é aínda enorme. Para acurtala, un real decreto baseado na lexislación europea obriga os fabricantes de aparellos eléctricos e electrónicos a que dispoñan de sistemas de recollida e reciclaxe dos seus produtos, un traballo que recaía ata agora en concellos e comunidades autónomas.

Ademais, a vida media que nos países máis desenvolvidos se lles dá aos aparellos electrónicos é máis ben baixa: a dos ordenadores xeralmente non supera os 5-6 anos e a dos móbiles anda arredor dos 18 meses, xa que se substitúen, non porque se estragasen, senón porque xa non poden facerlles fronte ás últimas aplicacións dun mercado vertixinoso ou, simplemente, por non estaren á moda. Por iso, estes aparellos tamén se poden reutilizar solidariamente. Organizacións non gobernamentais (ONG), como Enxeñeiros sen Fronteiras ou Telecomunicacións Solidarias no caso dos ordenadores, ou Cruz Vermella ou a Fundación Entreculturas no caso dos móbiles, coa colaboración de empresas e institucións, desenvolveron iniciativas que lles ofrecen este tipo de aparellos a persoas que os poidan precisar, ao tempo que se coida o medio natural.

Medicamentos

Os fármacos conteñen substancias que poden prexudicar o medio. Ademais, gardados nas boticas de primeiros auxilios tamén poden resultar nocivos para a saúde: un de cada tres ingresos hospitalarios débese ao consumo de medicamentos en mal estado ou á automedicación.

As case 20.000 farmacias de España dispoñen de contedores específicos desde o 2002 dentro do denominado Sistema de Xestión de Residuos de Envases do Sector Farmacéutico (SIGRE), impulsado por laboratorios farmacéuticos, distribuidores, autoridades ambientais e colexios profesionais. Para unha correcta reciclaxe, é importante depositar os medicamentos coa súa caixa e prospecto, e non se deben botar termómetros, pilas, gasas, apósitos, agullas, obxectos cortantes, próteses ou radiografías, nin tampouco as medicinas elaboradas con fórmulas maxistrais, é dicir, medicamentos elaborados coa composición que indica o médico na receita. Os envases que non se poden separar do medicamento, como pomadas ou xaropes, e os restos de fármacos destínanse á denominada "valorización enerxética", unha técnica que permite reaproveitalos para producir enerxía, algo que o ano pasado supuxo unha achega semellante á iluminación de 40 escolas de 500 alumnos durante un ano. Así e todo, a reciclaxe de medicamentos ten aínda moito camiño que percorrer.

De todos os xeitos, a OMS recomenda que non se envíen os medicamentos sobrantos aos lugares máis necesitados, senón que se recaden fondos para que as ONG farmacéuticas poidan enviar outros novos.

Como podemos reducir, reutilizar e reciclar

- Resulta básico **reducir** o uso da auga e da enerxía que se emprega e mais os produtos tóxicos e contaminantes. Ademais, os produtos de usar e tirar producen unha cantidade de refugallo que se podería evitar coa utilización de alternativas de varios usos.

- A **reutilización** significa aproveitar ao máximo os obxectos de consumo, co que se produce menos lixo e se reduce a explotación de materias primas e enerxía. A utilización de botellas de vidro retornables, o uso das follas de papel por ambas as dúas caras ou o ofrecemento de calquera obxecto que xa non usemos a outras persoas que poidan utilizalo son boas prácticas de reutilización que todos deberíamos pór en práctica.

- No tocante á **reciclaxe**, trátase de volver empregar materiais para fabricar de novo produtos semellantes, cando xa non se puideron reducir nin reutilizar. Os restos de papel, cartón, cristal, plástico e ata restos de comida que se producen nos nosos fogares son materiais reciclables que, convenientemente diferenciados, se poden depositar nos contedores habilitados para tal fin.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	

2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Segundo o texto, en que consiste a unión de reciclaxe e solidariedade? ▪ De que produtos se fala? Como se poden reciclar? ▪ Que entidades ou organismos colaboran con estas accións? De que xeito? 	

3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:</p> <p>A. “Como cidadáns e consumidores, deberíamos levar máis á práctica os "tres erres" do ecoloxismo: reducir, reutilizar e reciclar; pero non sempre temos condicións para iso.”</p> <p>B. “Moitas persoas de países subdesenvolvidos non se poden permitir nin sequera un exame ocular, mentres nós temos na casa unha cesta de medicamentos caducados.”</p> <p>C. “Os móbiles substitúense porque os intereses do mercado nos obrigan a facer unha continua renovación dos nosos aparellos.”</p> <p>D. “Hai moitos ingresos hospitalarios causados polo consumo de medicamentos en mal estado ou pola indebida inxestión de remedios.”</p>	

4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

<p>OPCIÓN A</p> <p><i>“Como cidadáns e consumidores, deberíamos levar máis á práctica os "tres erres" do ecoloxismo: reducir, reutilizar e reciclar; pero non sempre temos condicións para iso.”</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Vostede considérase unha persoa ecoloxista? Por que? ▪ Cre que este tipo de campañas ou iniciativas realmente poden axudar a protexer o medio?

- Por que pensa que moita xente non participa nas campañas de reciclaxe? Vostede adoita reciclar o lixo da súa casa?
- Amais da reciclaxe, coñece algún outro xeito de colaborar coa preservación do medio? Cal?
- Que faría se vise unha persoa degradando dalgunha maneira un espazo natural (ensuciando a praia, tirando cabichas acesas nun camiño...)?
- (*Se procede*) Existen semellanzas ou diferenzas entre o ecoloxismo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“Moitas persoas de países subdesenvolvidos non se poden permitir nin sequera un exame ocular, mentres nós temos na casa unha cesta de medicamentos caducados.”

- Vostede considérase unha persoa solidaria? Por que?
- Cre que o tipo de iniciativa proposto no texto axuda realmente as persoas máis necesitadas? Por que?
- Coida que son moitos os que se benefician dos resultados obtidos polas ONG? Como pensa que se fai o repartimento? Considera que sempre se fai con xustiza?
- Na súa opinión, quen debería tomar este tipo de accións: os organismos gobernamentais ou a poboación?
- Coñece outras formas de axudar as persoas necesitadas? Cales?
- Xa colaborou con algún tipo de axuda solidaria?
Resposta afirmativa: Como foi?
Resposta negativa: Gustaríalle facelo?
- (*Se procede*) Coñece vostede algunha iniciativa solidaria no seu lugar de orixe? Cal?

OPCIÓN C

“Os móbiles substitúense porque os intereses do mercado nos obrigan a facer unha continua renovación dos nosos aparellos.”

- Vostede adoita aproveitar un aparello mentres dura ou cámbiao antes por seguir a moda ou algunha tendencia? Por que?
- Pensa que a moda é algo positivo ou negativo? En que produto ou servizo lle gusta estar máis á moda? Por que?
- Coida que pode haber un equilibrio entre estar á moda e non malgastar? De que xeito?
- É vostede moi consumista? Algunha vez mercou algo que ao final nunca utilizou?
- Cada vez a xente é máis ou menos consumista? A que cre que se debe?
- (*Se procede*) Como describiría os hábitos de consumo no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

“Hai moitos ingresos hospitalarios causados polo consumo de medicamentos en mal estado ou pola indebida inxestión de remedios.”

- Vostede adoita tomar medicamentos pola súa conta? Recomendalles medicamentos a outras persoas?
- Se se encontra mal, acode directamente ao médico ou pregúntalle a algún coñecido ou familiar se lle recomendan algo?

- Algunha vez devolveulle a unha farmacia medicamentos que xa non utilizaba ou que estaban caducados? Que fai xeralmente con eses produtos?
- Utiliza vostede remedios caseiros? Coida que poden ser eficaces?
- Cre que a medicina natural e a medicina regrada poden convivir na nosa sociedade?
- (*Se procede*) Que pode comentar sobre o consumo de remedios caseiros no seu lugar de orixe? Trátase dun hábito frecuente?